



Deleria Ensemble

Cuarteto de saxofóns

J.S.Bach (1685-1750)

Concerto Italiano BWV 971

I. (sen indicación de tempo)

II. Andante

III. Presto

Salvatore Sciarrino (1947-)

Canzoniere da Scarlatti

I. Allegro. Sonata en La maior L. 428 / K. 209

II. Allegrissimo. Sonata en Re maior L. 448 / K. 539

III. Vivo. Sonata en Sol maior L. 445 / K. 153

Descanso

Joseph Haydn (1732-1809)

Cuarteto de corda en Fa menor op. 20, nº 5

I. Moderato

II. Minueto e Trío

III. Adagio

IV. Final (Fuga)

Concerto Italiano BWV 971: foi escrito en Leipzig en 1734 e, xunto coa Obertura francesa BWV 831, constitúe a segunda parte do Clavier-Übung, editado en Núremberg ao ano seguinte por Christoph Weigl. Bach prescribe o uso dun clave de dous teclados para separar (tanto por timbre como por dinámica) os episodios a solo dos tutti. Está articulada en tres movementos co esquema rápido-lento-rápido. A obra, no seu conxunto, é unha mostra particularmente admirable da fusión da forza melódico-rítmica do estilo italiano coa solidez estrutural e contrapuntística do estilo nórdico.

Canzoniere da Scarlatti: tras compoñer en 1995 *La bocca, i piedi e il suono*, o interese de Sciarrino polo cuarteto de saxofóns foi medrando de maneira constante. O Canzoniere da Scarlatti (2002) contén arranxos de sonatas para clave de Domenico Scarlatti. Nace do desexo de dotar dun repertorio máis amplo a esta formación con moito presente pero con escaso pasado. Ocasionalmente, poden aparecer solucións tímbricas orixinais, pero o compositor italiano móstrase moi respetuoso cos orixinais.

Cuarteto de corda en Fa menor op. 20, nº 5: Haydn foi un dos primeiros cultivadores do cuarteto de cordas. As súas primeiras obras eran dun tono máis lixeiro, unha versión íntima das serenatas e divertimentos chamados a acompañar os acontecementos da vida na corte principesca onde traballou Haydn. O conxunto de seis cuartetos op. 20, atopa ao compositor profundizando, intensificando a expresión emocional da música e engadindo capas de complexidade non atopadas nos cuartetos anteriores. Os manuscritos dos seis cuartetos teñen data no 1772. Foron publicados como "Opus XX" no 1774.

Deleria Ensemble

As inquedanzas artísticas de catro saxofonistas galegos, mesturadas co seu compromiso cara ao futuro do seu instrumento converxen na creación do Deleria Ensemble. Este pretende ser un proxecto no que teñan cabida a interpretación, a colaboración con outras agrupacións e compositores de Galicia, a formación de novas xeracións de saxofonistas e, en definitiva, a aposta por calquera outro tipo de proxectos que teñan o saxofón como protagonista.

A formación dos seus compoñentes está ligada a centros como a *Haute École de Musique* de Lausanne, o *Conservatoire Jacques Thibaud* de Burdeos, o *Conservatori Superior de les Illes Balears* ou o Conservatorio Superior de Música da Coruña.

Forman Deleria Ensemble Adrián Pais, Pablo Vigo, Moisés Barreiro e Roi Barros.

21 de decembro de 2021, ás 20:30h.
Paraninfo da Universidade



Twitter: @culturausc
Facebook: @areadeculturausc
Instagram: @areadeculturausc